



[versión en castellano](#)
[english version](#)

[versión para discapacitados](#)

[acerca do web](#) | [mapa do web](#) | [directorio](#) | [contacto](#) | [correo web](#) | [ligazóns](#) | [axuda](#)

[Inicio](#) » [Xornal da USC](#) » [Acontece](#) » **Nova**

Xornal

Mércores, 14 de xullo de 2004

- [Portada](#)
- [Acontece](#)
- [Resumo de prensa](#)
- [Investigación](#)
- [Axenda](#)
- [Opinión](#)
- [Publicacións](#)
- [Entrevistas](#)
- [Edicións anteriores](#)
- [Taboleiro](#)
- [Colabora con nós](#)
- [Buscador do xornal](#)
- [Redacción](#)

Historiadores dos cinco continentes debaten en Santiago os últimos acontecementos como o 11-M e a guerra de Irak

• Actualizada o Xoves, 15 de xullo de 2004

A Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago acolle ata o vindeiro domingo o III Congreso Internacional 'Historia a Debate', que representa a maior concentración de historiadores que se ten producido nunca en todo o mundo e na que debaterán as súas investigacións e reflexións sobre a escrita da historia no novo século. Para iso abordarán os últimos acontecementos acontecidos no mundo coma os atentados do 11-M en Madrid, a guerra de Irak ou a nova Unión Europea, entre outros aspectos.

A conferencia inaugural do Congreso tivo lugar o mércores, tras a inauguración presidida polo presidente da Xunta, Manuel Fraga, a cargo de Étienne Bloch, o mellor coñecedor do afamado historiador francés Marc Bloch e da súa obra. Na súa intervención reivindicou o legado do seu pai, falecido hai 60 anos, un dos fundadores da escola de *Annales*, que representa unha das tendencias historiográficas de maior influencia internacional no século XX.

Transmisión a todo o mundo en tempo real

O III Congreso Internacional 'Historia a Debate' retransmítese por primeira vez por Internet a través da páxina web <http://www.h-debate.com/>, que xa ten recibido un millón de visitas desde o anterior Congreso, celebrado en 1999. Deste xeito será posible seguir nas súas linguas orixinais as conferencias, ponencias e mesas redondas do evento.

[versión para imprimir](#)

Reitoría da USC
Colexio de San Xerome
Praza do Obradoiro, s/n
15782 Santiago de Compostela
Teléfono: +34 981 56 31 00



Universia



Unitenda



Grupo
Compostela

Vicerreitoría de Coordinación
do Campus de Lugo
Praza Pío XII, 3
27001 Lugo
Teléfono: +34 982 28 59 00